




UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



A implantación dos novos planos de estudio implica simultaneamente a extinción dos planos que substitúen. Nembargantes reconéceselles ós alumnos que iniciaran estudos por un plano en extinción, e que se vexan afectados no proceso de substitución de planos, a posibilidade de supera-las que se declaren extinguidas en catro convocatorias nos dous anos seguintes.

A Resolución do 14 de outubro de 1993 (N.R.S. 07000) e a Instrucción do 7 de xullo de 1994, reguladoras dos procesos de implantación dos novos planos de estudio, establecen que non se procederá á admisión de alumnos de novo ingreso para cursar titulacións consonte os planos de estudio a extinguir.

Nembargantes o exposto, e co obxecto de facilitarlle ó alumno a complementación dos seus estudos, estímase procedente autoriza-la matriculación por primeira vez en materias sen dereito a docencia co obxecto de cursar especialidades ou opcións dunha mesma titulación, e iniciar estudos en titulacións se tralos procedementos de validación resultara validada algunha materia dos novos estudos e non teña que superar materias extinguidas das que nin sequera se imparta docencia.

POR TODO O EXPOSTO ESTE RECTORADO RESOLVEU:

PRIMEIRO.- Autorízaselle-la matrícula en materias sen dereito a docencia de planos de estudos en extinción, ós alumnos que tendo superada a titulación a que conduce o plano, ou estando a cursala, desexen realizar outra especialidade, opción deses estudos.



UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEGUNDO.- Autorízase o inicio de estudos por un plano de estudos en extinción ós alumnos que estando a cursar estudos universitarios ou sendo titulados, tralos procedementos de validación, lles validaran algunha materia e non teñan que superar materias extinguidas.

Santiago, 17 de outubro de 1994

O RECTOR



Dr. Villanueva Prieto

SR. SECRETARIO XERAL. SR. SECRETARIO XERAL ADXUNTO. SR.
VICERRECTOR DE ORGANIZACION ACADEMICA E TITULACIONES. SR.
VICERRECTOR DO CAMPUS DE LUGO. SRS. DECANOS E DIRECTORES DOS
CENTROS SRS. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO. SRS. XEFES DAS
UNIDADES DE XESTION ACADEMICA